

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTA COMBA

*Acordos do Pleno da Corporación municipal, en sesión extraordinaria realizada o 13/07/2023, en materia de organización de competencia do Pleno para a lexislatura 2023-2027*

EDICTO

**Asunto 4 :** a fixación da periodicidade de sesións plenarias

Logo de ver que se constituíu a nova Corporación, na sesión extraordinaria realizada o 15 de xuño de 2019, se estima necesario o establecemento da periodicidade das sesións ordinarias que deberá celebrarse, como mínimo, cada dous meses e extraordinarias, que poden ser, ademais urxentes, de acordo con lo establecido en la normativa aplicable en materia de réxime local.

E de ver o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o artigo 78.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, (ROF), (BOE núm. 305 do 22/12/1986), e o artigo 210.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, (LALGa), (DOG núm. 149 do 05/08/1997 e BOE núm. 237 do 03/10/1997).

Logo da proposta do alcalde, o Pleno da Corporación municipal, ACORDOU:

1 O Concello Pleno celebrará sesión ordinaria cada dous meses, o cuarto venres dos meses impares, ás 21:00 horas (nove da noite).

2 Facultar ao alcalde para, previa a consulta cos voceiros dos grupos políticos municipais, pospoñer ou avanzar a celebración das sesións ordinarias do Pleno, dentro do mes da súa celebración, cando a data fixada sexa festivo, se atope incluído nun período vacacional ou concorra outras circunstancias que así o aconselle.

3 Cando por razóns xustificadas non poida celebrarse á hora indicada, o cambio desta non implicará que a sesión non teña carácter ordinario.

**Asunto 5:** a creación, a composición e o réxime das sesións das comisións informativas permanentes

Logo de ver que se constituíu a nova Corporación, na sesión extraordinaria realizada o 17 de xuño de 2023, cómpre a creación, a composición e o réxime de comisións informativas permanentes, de acordo co establecido na normativa aplicable en materia de réxime local.

E de ver que é interese do equipo de goberno establecer un número das comisións informativas procurando, no posible, a súa correspondencia coas áreas nas que se estrutura os servizos corporativos, polo que cómpre determinar o réxime de organización e funcionamento desta Administración, de acordo co establecido na normativa aplicable en materia de réxime local.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 Nos municipios de máis de 5.000 habitantes, e nos de menos en que así o dispoña o seu regulamento orgánico ou o acorde o Pleno, existirán, se a súa lexislación autonómica non prevé neste ámbito outra forma organizativa, órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do alcalde, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno. Todos os grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participar nos devanditos órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes aos mesmos en proporción ao número de Concelleiros que teñan no Pleno (ao abeiro do artigo 20.1 c da LBRL; o artigo 68 da LALGA e o artigo 123 e seguintes do ROF).

2 As comisións informativas estarán integradas de xeito que a súa composición se acomode á proporcionalidade que existe nos distintos grupos políticos representados na Corporación municipal.

E de ver o artigo 20.1.c da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (LBRL), (BOE núm. 80, do 03/04/1985); o artigo 123 e seguintes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), (BOE núm. 305 do 22/12/1986) e os artigos 68 e 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, (LALGA), (DOG núm. 149 do 05/08/1997 e BOE núm. 237 do 03/10/1997).

Logo da proposta do alcalde, o Pleno da Corporación municipal, ACORDOU:

1 Crear seis Comisións Informativas Permanentes, coa denominación, número de membros que a integran e as materias sobre as que exercerán as súas atribucións, na forma que se sinala:

**Denominación:**

- Comisión informativa especial de Contas e Facenda
- Comisión informativa de Normalización Lingüística, Cultura, Formación, Educación, Deportes, Xuventude e Comunicación
- Comisión informativa de Obras, Servizos, Urbanismo, Mobilidade, Medio Rural e Gandaría
- Comisión informativa Turismo, Patrimonio e Relacións Veciñais
- Comisión informativa de Servizos Sociais, Dependencia, Conciliación, Colectivos Vulnerables, Promoción da Saúde e Igualdade e Muller
- Comisión informativa de Asuntos do Pleno

**Ámbito de materias:**

**1 Comisión informativa especial de Contas e Facenda**

Esta comisión exercerá as atribucións que a lexislación atribúe á Comisión Especial de Contas, e en concreto, o exame, estudo e informe de todas as contas, presupostarias e extrapresupostarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación.

As súas competencias refírense fundamentalmente ás seguintes materias: orzamento e expedientes de modificación de créditos, contas, gastos de competencia do pleno, operacións de crédito, inventarios, balances, ordenanzas fiscais, patrimonio municipal, agás o relacionado co patrimonio histórico e cultural e calquera outro asunto de natureza económico-financeiro.

Cóñece así mesmo os asuntos relacionados coa xestión do dominio público. Concesións administrativas e autorizacións sobre o mesmo. Tamén coa función pública, funcionarios, persoal laboral, persoal eventual, relacións sindicais. Ademais dos expedientes de expropiacións forzosas.

**2 Comisión informativa de Normalización Lingüística, Cultura, Formación, Educación, Deportes, Xuventude e Comunicación**

As súas competencias serán as de ditame, estudo e informe ou consulta sobre asuntos de competencia do Pleno relacionados coa normalización lingüística, cultura, formación, educación, o deporte, xuventude e comunicación, e en especial os asuntos de protocolo e relacións públicas así como dos medios tecnolóxicos, agás as relacións coa veciñanza.

Ademais as subvencións en materia de cultura, formación, educación, deportes, xuventude e os programas de normalización lingüística.

**3 Comisión informativa de Obras, Servizos, Urbanismo, Mobilidade, Medio Rural e Gandaría**

As súas competencias serán as de ditame, estudo e informe ou consulta sobre asuntos de competencia do Pleno relacionados con asuntos encadrados en materia de obras ou servizos, e en particular as incluídas nos plans estatais, autonómicos ou provinciais así como todos os proxectos relacionados coas devanditas obras e servizos a desenvolver no municipio.

En materia de urbanismo, o planeamento, a xestión e a disciplina urbanística.

Tamén cos programas destinados a valorizar o agro e medio rural, así como a acollida de animais.

**4 Comisión informativa de Turismo, Patrimonio e Relacións Veciñais**

As súas competencias serán as de ditame, estudo e informe ou consulta sobre asuntos de competencia do Pleno relacionados coa promoción e dinamización turística, feiras e eventos de visibilización turística e posta en valor dos recursos turísticos e a promoción do patrimonio histórico-artístico e cultural do municipio. A información e orientación turística; programas para o sector do comercio; turismo de calidade e permanencia orientado ao sector empresarial; Plan Turístico Municipal e participación veciñal.

**5 Comisión informativa de Servizos Sociais, Dependencia, Conciliación, Colectivos Vulnerables, Promoción da Saúde e Igualdade e Muller**

As súas competencias serán as de ditame, estudo e informe ou consulta sobre asuntos de competencia do Pleno relacionados cos servizos sociais, dependencia, discapacidade, todo o relacionado cos recursos e actividades de conciliación; Escola Infantil Municipal, colectivos vulnerables, promoción da saúde; igualdade e muller. Plans e actuacións de igualdade; atención temperá e subvencións.

## 6 Comisión informativa de Asuntos do Pleno

Terá atribucións en materia daqueles asuntos non atribuídos a outra comisión informativa permanente

### Composición:

Cada unha das comisións integrarase por un número de 5 concelleiros,

Logo de ver que todos os grupos políticos integrantes das Corporacións teñen dereito a participar nos órganos mencionados mediante a presenza de concelleiro/as pertencente/s a este, e tendo en conta que a composición destas comisións debe acomodarse á proporcionalidade existente aos distintos grupos políticos se establece esta representatividade:

Grupo político municipal do PSdeG-PSOE: 3 membros

Grupo político municipal do Partido Popular: 2 membros

O alcalde é o presidente nato de todas as comisións, sen embargo, a presidencia efectiva de cada comisión poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia comisión, logo da correspondente elección realizada no seu seo. A comisión proporá igualmente o nomeamento dun suplente do presidente que terá como función a de substituír a aquel nas súas funcións nos casos de ausencia, abstención legal ou imposibilidade de acudir ás sesións.

2 A adscrición concreta a cada comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma como representantes de cada grupo, realizarase mediante escrito do seu voceiro dirixido ao alcalde, do que se dará conta ao Pleno, sen prexuízo da efectividade inmediata. Poderá designarse un suplente por cada titular.

3 As comisións informativas celebrarán sesión ordinaria nos prazos legalmente establecidos antes da celebración das sesións plenarias, na hora que estableza o alcalde ou o seu respectivo presidente, os cales poderán, así mesmo, convocar sesións extraordinarias ou urxentes das mesmas.

4 O secretario das comisións será o da Corporación ou funcionario que se designe.

5 Este acordo terá efectos inmediatos desde que se adopte polo Pleno, sen prexuízo de que se publique regulamentariamente.

6 Comunicar este acordo aos diferentes servizos municipais para o seu coñecemento e aos efectos que correspondan.

7 Este acordo publicarase no *Boletín Oficial da Provincia*, no Taboleiro de Edictos Electrónico incluído na Sede Electrónica municipal, o Portal de Transparencia e na páxina web municipal.

8 O alcalde convocará as correspondentes sesións de constitución das comisións creadas.

**Asunto 6:** o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados de competencia do Pleno.

Logo de ver que se constituíu o novo Concello en sesión extraordinaria celebrada o 17 de xuño de 2023, cómpre o establecemento dunha nova organización municipal.

E de ver que dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva, o alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, para o fin de resolver, entre outros puntos, o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados nos que deba estar representado, que sexan da competencia do Pleno, sen prexuízo da atribución xeral de representar ao concello, conferida ao alcalde pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL, artigo 21.b).

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Os artigos 38.c do RD 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, (ROF), (BOE núm. 305 do 22/12/1986) e o artigo 77 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, (DOG núm. 149 do 05/08/1997 e BOE núm. 237 do 03/10/1997), (LALGa) e oídos os grupos políticos.

Logo da proposta do alcalde, o Pleno da Corporación municipal, ACORDOU:

1 Nomear aos representantes da Corporación municipal nos órganos colexiados de competencia do Pleno que se relacionan:

#### **Colexio *Barrié de la Maza***

Titular: Dona Patricia Val Antelo

Suplente: Dona María Salomé Bustelo López

#### **Colexio *Pepe de Xan Baña***

Titular: Dona Estefanía Calvelo Muñiz

Suplente: Don Noelia Baleato Toja

**IES TERRA DE XALLAS**

Titular: Dona Patricia Val Antelo

Suplente: Dona Estefanía Calvelo Muñiz

**CRA A Tarandeira**

Titular: Dona Patricia Val Antelo

Suplente: Dona Estefanía Calvelo Muñiz

**Agader GDR 24 TERRAS DE COMPOSTELA**

Titular: Dona Noelia Baleato Toja

Suplente: Don Alberto Romar Landeira

**Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar**

Titular: Dona Estefanía Calvelo Muñiz

Suplente: Dona Noelia Baleato Toja

**Mancomunidade Tallas-Tines-Tambre**

Equipo de goberno : 1 Don Alberto Romar Landeira

2 Don Carlos Turnes Negreira

Membro non pertencente ao equipo goberno: 3 a designar polo Partido Popular

**Mesa de Comercio**

Presidente: Don Alberto Romar Landeira

Vogal 1º: Don Pablo Negreira Souto

Vogal 2º: Dona María Salomé Bustelo López

Secretario/a: Dona Noelia Baleato Toja

Suplentes

de Presidente: Dona Patricia Val Antelo

de Vogal 1º: Don Carlos Turnes Romero

de Vogal 2º: Don Carlos Turnes Romero

de secretario/a: Dona Estefanía Calvelo Muñiz

2 Os/as concelleiros/as nomeados/as neste acordo informarán sobre o funcionamento dos organismos nos que participan como representantes do concello, así como sobre a súa propia actividade no seu seo, sempre que sexan requiridos/as polo Pleno, polo alcalde ou pola Xunta de Goberno Local.

3 Notificar o nomeamento aos designado/as e aos órganos colexiados respectivos.

**Asunto 7: a delegación de atribucións do Pleno no alcalde**

Constituído a nova Corporación municipal en sesión extraordinaria realizada o 17 de xuño de 2023, resulta necesario o establecemento da nova organización municipal.

En aras do interese público, para o fin de axilizar a tramitación e dar unha maior operatividade á actuación municipal, considero necesario a delegación de atribucións de competencias do Pleno no alcalde.

**CONSIDERACIÓNS LEGAIS TÉCNICAS**

Logo de ver os artigos 22.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, (en diante a LBRL), e o 64.5 da Lei de Administración Local de Galicia, referente á delegación de atribucións do Pleno a prol da do alcalde.

Logo da proposta do alcalde, o Pleno da Corporación municipal, ACORDOU:

**Primeiro.-** Delegar no alcalde estas atribucións de competencia do Pleno:

- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estean previstos nos orzamentos (art. 22.2.ñ da LBRL), agás os investimentos a incluír no *Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal, Plan Único dos concellos*.
- As competencias que como órgano de contratación atribúe ao Pleno a disposición adicional segunda, apartado 2, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico

español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

- A aprobación do gasto correspondente coa delegación indicada no parágrafo anterior.

**Segundo.-** Indicar, ao abeiro do artigo 9 Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, que en ningún caso poderá ser obxecto de delegación a competencia relativa á resolución de recursos nos órganos administrativos que ditasen os actos obxecto do recurso.

**Terceiro.-** Publicar o acordo desta delegación no *Boletín Oficial da Provincia*, no Taboleiro de Edictos Electrónico da Sede Electrónica municipal e na páxina web municipal. Este acordo terá efectos desde o día seguinte ao da súa aprobación.

**Cuarto.-** Dar conta ao servizos municipais que correspondan.

**Asunto 8:** o réxime de retribucións, as indemnizacións e as asistencias aos membros da Corporación municipal

Logo de ver que se constituíu a nova Corporación, na sesión extraordinaria realizada o 17 de xuño de 2023, cómpre establecer o réxime de retribucións, as indemnizacións e as asistencias aos membros da Corporación municipal.

E de ver que os membros das Corporacións Locais terán dereito a percibir retribucións polo exercicio do seu cargo cando o desempeñen en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, sendo dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social e asumindo a Corporación das cotas empresariais que correspondan (artigo 75 da Lei LBRL).

E de ver o volume de servizos, actividades e expedientes de diversa natureza nestas corporación polo faise necesario para o seu axeitado seguimento e atención específica, que diversos membros do grupo de goberno desempeñen o seu cargo, alcaldía e concellarías delegadas, en réxime de dedicación exclusiva e parcial.

E de ver que o mencionado artigo 75 da LBRL recoñece o dereito dos membros da Corporación que non teñan dedicación parcial ou exclusiva a percibir indemnizacións na contía e as condicións que estableza o Pleno da Corporación, en concepto de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.

E de ver o informe do interventor municipal do 07/07/2023, (data incorporación á plataforma *Tedec*.) e as retencións de crédito do 07/07/2023 (números de operación: 220230005197 e 220230005202).

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

E de ver o disposto no artigo 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (LBRL), (BOE núm. 80, do 03/04/1985); no artigo 225 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, (LALGa), (DOG núm. 149 do 05/08/1997 e BOE núm. 237 do 03/10/1997) e no artigo 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), (BOE núm. 305 do 22/12/1986).

Logo da proposta do alcalde, o Pleno da Corporación municipal, ACORDOU:

1 As retribucións do membro da Corporación en réxime de dedicación exclusiva:

Cargo	Retribucións brutas anuais (14 pagas)
Alcaldía	52.000 €

2 As retribucións dos membros da Corporación en réxime de dedicación parcial:

Cargo	Retribucións brutas anuais (12 pagas)	Dedicación mínima
Concellaría de Turismo; Promoción Económica e Emprego; Atención á Veciñanza; Asociacionismo e Voluntario; Comercio	30.000 €	75 % da xornada de traballo que se establece para os funcionarios municipais, sen que se estableza un horario rixido predeterminado, dada a índole política das funcións desenvolvidas
Cultura; Deportes; Educación; Formación; Normalización Lingüística; Comunicación e Tecnoloxía; Xuventude	30.000 €	75 % da xornada de traballo que se establece para os funcionarios municipais, sen que se estableza un horario rixido predeterminado, dada a índole política das funcións desenvolvidas
Servizos Sociais; Igualdade e Muller; Conciliación; Benestar e Promoción da Saúde	30.000 €	75 % da xornada de traballo que se establece para os funcionarios municipais, sen que se estableza un horario rixido predeterminado, dada a índole política das funcións desenvolvidas
Obras e Servizos; Urbanismo e Mobilidade	30.000 €	75 % da xornada de traballo que se establece para os funcionarios municipais, sen que se estableza un horario rixido predeterminado, dada a índole política das funcións desenvolvidas

As retribucións brutas mencionadas no parágrafo anterior, son independentes da cotización do concello á Seguridade Social, percibiranse en doce mensualidades, coas pagas extras rateadas, debendo proceder á súa alta no Réxime Xeral da Seguridade Social.

As contías sinaladas incrementaranse anualmente na porcentaxe que experimentarán as variacións anuais que dispoñan os orzamentos do Estado para as dos funcionarios públicos ou calquera outra norma que o regule.

3 Que, se modifique o anexo de Persoal para incluír as retribucións indicadas no parágrafo 1 e 2.

4 Indemnizacións por asistencias a sesións dos órganos colexiados do Concello de Santa Comba:

- Sesións plenarias 120,00 €
- Sesións da Xunta de Goberno Local 120,00 €
- Sesións das comisións informativas 60,00 €

Cando nun mesmo día se celebren dúas ou máis sesións dos órganos mencionados, os/as concelleiro/as percibirán as asignacións por cada unha delas na contía que corresponda.

5 Indemnizacións por asistencias a mesas de contratación: 60,00 €

Todos os membros da Corporación que se designen formalmente para formar parte de comisións de traballo ou tribunais de valoración de subvencións ou premios convocados por órganos dependentes

desta Corporación, percibirán pola asistencia ás sesións formalmente convocadas que se celebren, as cantidades dispostas no anexo 4º, categoría primeira do Real decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións de desenvolvemento ou normas que con carácter xeral o substitúan, cando así se determine expresamente no acordo ou resolución de nomeamento.

6 Indemnizacións por gastos ocasionados por comisións de servizos encomendadas a cargos electos.

En materia de indemnización por comisións de servizos rexerá o Real decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións de desenvolvemento ou normas que con carácter xeral o substitúan coas particularidades seguintes:

- a) Por aloxamento e gastos de viaxe en medios de transporte público, aboarase o importe do realmente gastado e xustificado documentalmente.
- b) Por manutención aboarase tamén o importe dos gastos efectivamente realizados sempre que o xustifiquen adecuadamente mediante facturas expedidas para o efecto.

7 O Pleno da Corporación municipal comprométese a consignar nos seus orzamentos as cantidades suficientes para atender estas obrigas económicas.

8 Comunicar esta resolución aos diferentes servizos municipais para o seu coñecemento e os efectos que correspondan.

9 Dar conta á secretaria de Estado das Administracións Públicas, por medio do Portal AutenticA.

10 Este acordo publicarase no *Boletín Oficial da Provincia*, no taboleiro de anuncios da sede electrónica no Portal de Transparencia e na páxina web municipal.

O que publico en cumprimento da normativa de aplicación e para os efectos que procedan.

Santa Comba, 20 de xullo de 2023

O alcalde

Alberto Romar Landeira

2023/6016